




*Comarca de*  
**Eume**



A comarca do Eume comprende cinco municipios situados no noroeste de Galicia, que contan cunha poboación de 27.989 habitantes, distribuída nunha superficie de 539,3 km<sup>2</sup>. Están situados na cunca do río Eume, principal eixe vertebrador deste territorio. A Capela, Monfero e As Pontes correspóndense con áreas de montaña, mentres que os outros dous, Cabanas e Pontedeume, están localizados na faixa costeira.

Conta a lenda que na extensa e poderosa serra do Xistral naceron tres ríos irmáns, que discorrián por distintas abas e competían para chegaren ao mar. Acordaron descansar no camiño, un pacto que soamente o río Eume cumpriu e, cando se viu traizoado polos seus irmáns que non respectaron o descanso, acelerou a marcha e labrou os fermosos desfiladeiros que se contemplan nas súas fragas, declaradas parque natural en 1996. Con 9125 hectáreas de superficie, está considerado o mellor bosque atlántico costeiro desta fachada europea e, sen dúbida, un dos seus principais atractivos turísticos. Nel habitan especies de gran singularidade que lle valeron fama botánica internacional. Este eco-

sistema constitúe o exemplo vivo máis representativo do que foron os bosques e a paisaxe que en tempos pasados poboaban a maior parte do litoral galego.

As fragas do Eume son unha galería natural de excepcional valor, na que hai presenza das máis fermosas e variadas especies da flora e da fauna. Entre as árbores, ademais de carballos, atopamos amieiros, freixos, olmos, salgueiros, castiñeiros, loureiros, algún que outro pradairo, e ata brillantes acivros. Entre os arbustos destacan especies como a pereira e a maceira silvestre, o espiño albar e o érbodo, propio de climas máis cálidos. Á súa sombra viven outras especies de menor tamaño, como as arandeiros, os ruscos, os breixos, as saxifragas, as violetas, os anemones e as lianas. Pero sen dúbida, é a presenza de abundantes fentos, de gran diversidade e rareza nalgunhas especies, unha das características máis persoais destas fragas.

Máis de 170 especies diferentes conforman a fauna deste parque. Entre as aves atopamos o azor e o gabián, ou rapaces nocturnas como a avelaiona, o bufo pequeno e o gran bufo real. O grupo dos mamíferos conta con excelentes poboacións de xabarís, corzos, cervos, lontras, rabisacos, martas e, nas zonas máis agrestes e solitarias do parque, tamén habitan os lobos. Entre os anfíbios, xogan pín-tegas rabilongas, sapos e tritóns ibéricos. Os reos, unha variedade de troita migradora, son moi abundantes no tramo final do Eume e un atractivo para milleiros de pescadores que cada ano se dan cita augas arriba.

O tramo de río que vai desde o encoro do Eume, entre A Capela e Monfero, ata a desembocadura entre Pontedeume e Cabanas, ofrece paisaxes de gran beleza nas que o río discorre polo fondo dun profundo val. Augas arriba, dominan as paisaxes abertas de media montaña, nas que abundan as zonas de matogueiras.

A serra do Forgoselo é outro espazo natural de especial interese nesta comarca, no que se combinan zonas de bosque denso con outras de escasa vexetación. No cumio de Racamonde atopamos un miradoiro sobre a ría e as montañas próximas.

Pero máis aló do patrimonio natural, o paraíso do Eume tamén fai alarde de magníficas mostras de arquitectura civil e relixiosa: mosteiros, castelos e pazos descubren un rico pasado histórico destas ancestrais terras, que na idade media foron un dos centros políticos de Galicia. Dentro do patrimonio monumental e artístico destacan o mosteiro de Caaveiro, o mosteiro de Monfero e o castelo e Torreón dos Andrade, entre outros. Visita obrigada é a señorial vila de Pontedeume.

A comarca tamén conta cun importante patrimonio prehistórico, entre o que destacan os enterramentos megalíticos na cunca das Pontes e na serra de Forgoselo.







La comarca del Eume comprende cinco municipios situados en el noroeste de Galicia, que cuentan con una población de 27.989 habitantes, distribuida en una superficie de 539,3 km<sup>2</sup>. Están situados en la cuenca del río Eume, principal eje vertebrador de este territorio. A Capela, Monfero y As Pontes se corresponden con áreas de montaña, mientras que los otros dos, Cabanas y Pontedeume, están localizados en la franja costera.

Cuenta la leyenda que en la extensa y poderosa Sierra do Xistral nacieron tres ríos hermanos, que discurrían por distintas laderas y competían para llegar al mar. Acordaron descansar en el camino, un pacto que solamente el río Eume cumplió y, al verse traicionado por sus hermanos que no respetaron el descanso, aceleró su marcha labrando los hermosos desfiladeros que se contemplan en sus fragas, declaradas Parque Natural en 1996. Con 9.125

hectáreas de superficie, está considerado el mejor bosque atlántico costero de esta fachada europea y, sin duda, uno de sus principales atractivos turísticos. En él habitan especies de gran singularidad que le valieron fama botánica internacional, constituyendo este ecosistema el ejemplo vivo más representativo de lo que fueron los bosques y el paisaje que en tiempos pasados poblaban la mayor parte del litoral gallego.

Las Fragas del Eume son una galería natural de excepcional valor, en la que hay presencia de las más hermosas y variadas especies de la flora y de la fauna. Entre los árboles, además de robles, encontramos alisos, fresnos, olmos, sauces, castaños, laureles, algún que otro arce, y hasta brillantes acebos. Entre los arbustos destacan especies como el peral y el manzano silvestre, el espino albar y el madroño, propio de climas más cálidos. A su sombra viven otras especies de menor tamaño, como los arándanos, ruscos, brezos, saxifragas, violetas, anémonas y lianas. Pero sin duda, es la presencia de abundantes helechos, de gran diversidad y rareza en algunas especies, una de las características más personales de estas fragas.

Más de 170 especies diferentes conforman la fauna de este parque. Entre las aves encontramos el azor y el gavián, o rapaces nocturnas como el cárabo, el búho chico y el gran buho real. El grupo de los mamíferos cuenta con excelentes poblaciones de jabalíes, corzos, ciervos, nutrias, ginetas, martas y, en las zonas más agrestes y solitarias del parque, también habitan los lobos. Entre los anfibios, juguetean salamandras rabilargas, sapos y tritones ibéricos. Los reos, una variedad de trucha migradora, son muy abundantes en el tramo final del Eume y un atractivo para millares de pescadores que cada año se dan cita aguas arriba.

El tramo de río que va desde el embalse del Eume entre A Capela y Monfero hasta la desembocadura entre Pontedeume y Cabanas, ofrece paisajes de gran belleza en los que el río discurre por el fondo de un profundo valle. Aguas arriba, dominan los paisajes abiertos de media montaña, en los que abundan las zonas de matorral.

La Sierra do Forgoso es otro espacio natural de especial interés en esta comarca, en el que se combinan zonas de bosque denso con otras de escasa vegetación. En la cumbre de Racamonde encontramos un mirador sobre la ría y las montañas próximas.

Pero más allá del patrimonio natural, el paraíso del Eume también hace alarde de magníficas muestras de arquitectura civil y religiosa: monasterios, castillos y pazos descubren un rico pasado histórico de estas ancestrales tierras, que en la Edad Media fueron uno de los centros políticos de Galicia. Dentro del patrimonio monumental y artístico destacan el Monasterio de Caaveiro, el Monasterio de Monfero y el Castillo y Torreón de los Andrade, entre otros. Visita obligada es la señorial villa de Pontedeume.

La comarca cuenta también con un importante patrimonio prehistórico, entre el que destacan los enterramientos megalíticos en la cuenca de As Pontes y en la Sierra de Forgoso.



## Produtos naturais e gastronomía

Un dos produtos máis apreciados da zona é o mel. As características do clima, a vexetación e o solo orixinan diversos tipos de mel de excelentes características e sabores. As clases máis habituais son o de breixo e doutros arbustos, de eucalipto e milflores, moitas delas comercializadas baixo a denominación específica "Mel de Galicia".

Outro produto local abundante son os cogomelos por mor da rica vexetación dos bosques da comarca. O hábitat do parque natural das Fragas do Eume favorece a xeración espontánea de máis de cen especies de cogomelos. De todas as variedades que se presentan, os de maior demanda son cogordo (*boletus edulis*), fungo dos piñeiros (*lactarius deliciosus*), cantarelo (*cantharellus cibarius*) e lingua de vaca (*hyndum repandum*).

Outro produto estrela son os gregos de Monfero, coñecidos en toda Galicia polas súas especiais características e como ingrediente impulsor da máis tradicional cociña galega. Por outra banda, o queixo da Capela elabórase nesta zona desde hai centos de anos, e orixínase nos gandeiros que transmitiron, de xeración tras xeración, a técnica da elaboración tradicional deste derivado lácteo, coas características singulares que o diferencian de produtos típicos doutras zonas de España e do mundo.

Outro dos produtos máis representativos é a costrada de Pontedeume, semellante a unha empanada de tres ou máis capas, separadas por unha masa especial, entre as que se intercalan diferentes tipos de carnes, peixes e mariscos, que xa foi introducida na idade media por uns monxes agostiños procedentes de Italia.

Para os máis larpeiros, a oferta de sobremesas é case interminable: melindres, amendoados, torta de Pontedeume, proia, manguitos, manteigadas, etc.

Un dos grandes atractivos que o percorrido polo Eume lles ofrece aos visitantes é a gastronomía. Enraizada nunha cultura ancestral, está sustentada na calidade dos produtos da terra e do mar, tratados con gran sinxeleza, con fórmulas moi equilibradas, nas que se procura manter o sabor natural. Por iso, a variedade e a calidade duns produtos coidados con esmero pola xente, son outra das características da cociña da zona. Pero se hai algo común para todos os pratos que se poden degustar aquí é a forma de cocinar, familiar e cariñosa, artesanal, pausada, e cunha sabia combinación de elementos sinxelos e naturais.

Precisamente, para poñer en valor a riqueza gastronómica desta zona, destaca a iniciativa da Asociación EuroEume de constituír a rede de cantinas do Eume, que integra unha serie de establecementos certificados pola súa calidade, que ofrece degustar os máis suculentos sabores da zona nun ambiente agradable e acolledor.

## Artesanía

O Eume tamén é terra de creadores, homes e mulleres artesáns que producen coas súas mans fermosas pezas nas máis variadas expresións da arte: cerámica, xoiaría, ourivaría, madeira, pintura, encaixe de palillos, bordado, cestería, cantaría, etc. Oficios ancestrais que se exhiben con orgullo ao visitante, que atopa a oportunidade de coñecer obradoiros que abren as portas aos ollos curiosos do visitante.



## Productos naturales y gastronomía

Uno de los productos más apreciados de la zona es la miel. Las características del clima, la vegetación y el suelo originan diversos tipos de miel de excelentes características y sabores, siendo las clases más habituales la miel de brezo y otros arbustos, de eucalipto y milflores, muchas de ellas comercializadas bajo la denominación específica "Miel de Galicia".

Otro producto local abundante son las setas debido a la rica vegetación de los bosques de la comarca. El hábitat del Parque Natural de las Fragas del Eume favorece la generación espontánea de más de cien especies de setas. De todas las variedades que se presentan, las de mayor demanda son cogardo (*boletus edulis*), fungo dos piñeiros (*lactarius deliciosus*), cantarelo (*cantharellus cibarius*) y lingua de vaca (*hyndum repandum*).

Otro producto estrella son los grelos de Monfero, conocidos en toda Galicia por sus especiales características y como ingrediente impulsor de la más tradicional cocina gallega. Por otra parte, el Requeson da Capela se elabora en esta zona desde hace cientos de años, teniendo su origen en los ganaderos que transmitieron, de generación tras generación, la técnica de la elaboración tradicional de este derivado lácteo, con las características singulares que lo diferencian de productos típicos de otras zonas de España y del mundo.

Otro de los productos más representativos es la costrada de Pontedeume, semejante a una empanada de tres o más capas, separadas por una masa especial, entre las que se intercalan diferentes tipos de carnes, pescados y mariscos, que fue introducida ya en la Edad Media por unos monjes agustinos procedentes de Italia.

Para los más golosos, la oferta de postres es casi interminable: melindres, almendrados, tarta de Pontedeume, proia, manguitos, mantecadas, etc.

Uno de los grandes atractivos que el recorrido por el Eume ofrece a los visitantes es su gastronomía. Enraizada en una cultura ancestral, está sustentada en la calidad de los productos de la tierra y del mar, tratados con gran sencillez, con fórmulas muy equilibradas, en las que se procura mantener su sabor natural. Por eso, la variedad y la calidad de unos productos cuidados con esmero por sus gentes, son otra de las características de la cocina de la zona. Pero si hay algo común a todos los platos que se pueden degustar aquí es la forma de cocinar, familiar y cariñosa, artesanal, pausada, y con una sabia combinación de elementos sencillos y naturales.

Precisamente, para poner en valor la riqueza gastronómica de esta zona, destaca la iniciativa de la Asociación EuroEume de constituir la red de Cantinas del Eume, que integra a una serie de establecimientos certificados por su calidad, que ofrece degustar los más suculentos sabores de la zona en un ambiente agradable y acogedor.

## Artesanía

El Eume es también tierra de creadores, hombres y mujeres artesanos que producen con sus manos hermosas piezas en las más variadas expresiones del arte: cerámica, joyería, orfebrería, madera, pintura, encaje de palillos, bordado, cestería, cantería, etc. Oficios ancestrales que se exhiben con orgullo al visitante, que encuentra la oportunidad de conocer obradoiros y talleres que abren sus puertas a los ojos curiosos del visitante.



Quen se achegue a este territorio poderá gozar dun paraíso natural privilexiado, a medio camiño entre o mar e a montaña, que invita a descansar ou a practicar o turismo activo, redescubriendo o pracer de sentirse ben en contacto co medio. Fértiles vales e montañas agrestes, bosques de impresionante maxia, ríos de hipnotizador murmurio, fervenzas, lagoas, encoros e canóns espectaculares, serras que son o paraíso de cabalos salvaxes, areas de augas luminosas, sucédense dando lugar a magníficos escenarios naturais que lle brindan ao visitante unha experiencia única, e que invitan a descubri-los en sosegados paseos a pé ou a cabalo, ou practicando piragüismo, ráfing ou calquera outra das múltiples posibilidades de entrar en contacto coa natureza.

A ría de Ares, cunha situación privilexiada polo abrigo natural do golfo Ártabro, resulta idónea para a práctica de deportes náuticos. En Pontedeume existe un pequeno porto deportivo con pantaláns, un pequeno guindastre e servizo para embarcacións deportivas que, polas condicións do fondo, é máis adecuado para barcos de pouco calado.

## Rutas a pé ou a cabalo

Un total de seis rutas compoñen o conxunto de camiños sinalizados do Eume, que discorren polos ecosistemas máis representativos do parque. En certa medida, a rede de sendas vén revelar o gran valor recreativo de espazos tan auténticos coma estes: o camiño dos Encomendeiros, o de Ventureiras, o de Pasa da Vella, o dos Cumios de Sanguinedo, o de Cerqueiros e o de Pena Cavada. Estas son as sendas que ofrece o parque para gozar de sensacionais vistas. Pero non son as únicas, son soamente unha representación dos moitos itinerarios de sendeirismo que ofrece a comarca do Eume, para internarse na aventura. A escola de equitación de Vilarmaior organiza rutas a cabalo polas fragas, chamando ao teléfono 646 673 489. Por outra banda, o centro de visitantes do parque natural ofrécelle un servizo de información e asesoramento ao visitante (981 495 580).

## Rutas polo patrimonio histórico

Para admirar o vasto patrimonio histórico, hai diferentes rutas que envolven o visitante nun clima de admiración e sorpresa. En dirección a Pontedeume, é de inescusable visita achegarse ata o castelo de Andrade e á igrexa de San Miguel de Breamo. Unha vez en Pontedeume, o viaxeiro pode deixarse fascinar polo seu casco histórico, conxunto de estreitas rúas, casas de amplas balconadas e un precioso paseo marítimo, e o Torreón dos Andrade. O castelo está situado nun miradoiro estratéxico, e constitúe un dos baluartes defensivos da poderosa familia dos Andrade, señores destas terras na baixa idade media.

Nunha segunda ruta, o visitante pode desvelar os encantos do municipio da Capela ao achegarse ata o parque natural do Eume. O mosteiro de Caaveiro, mosteiro de estilo románico que dependeu inicialmente da orde dos Beneditinos para, posteriormente, pasar á de santo Agostiño, ten a orixe nunha igrexa que se estableceu sobre unha atalaia situada no mesmo corazón do parque natural das Fragas do Eume no ano 934; foi declarado monumento histórico artístico en 1975. Tamén destaca polo seu interese o mosteiro de Santa María de Monfero, fundado polo rei Afonso VII a principios do século XII e renovado completamente no XVII, polo que predomina o estilo barroco. A igrexa da Nosa Señora das Neves e a antiga central hidroeléctrica da Ventureira forman outros lugares de interese desta ruta.

Para acabar de visitar os enclaves históricos das terras próximas ao Eume, estas invitan a un último itinerario para descubrir o castelo de Narahío e o de Moeche, no veciño municipio de San Sanduriño; as Medoñas de Cheibán e as de Veiga da Nata, nas Somozas e nas Pontes, respectivamente. Tamén se pode visitar o **pazo da Viaxe en Vilarmaior**, na veciña comarca de Betanzos, e a igrexa de Santa María de Doroña.



Quien se acerque a este territorio podrá disfrutar de un paraíso natural privilegiado, a medio camino entre el mar y la montaña, que invita a descansar o a practicar el turismo activo, redescubriendo el placer de sentirse bien en contacto con el medio. Fértiles valles y montañas agrestes, bosques de deslumbrante magia, ríos de hipnotizante murmullo, cascadas, lagunas, embalses y cañones espectaculares, sierras que son el paraíso de caballos salvajes, arenales de aguas luminosas, se suceden dando lugar a magníficos escenarios naturales que brindan al turista una experiencia única, y que invitan a descubrirlos en sosegados paseos a pie o a caballo, o practicando piragüismo, rafting o cualquiera otra de las múltiples posibilidades de entrar en contacto con la naturaleza.

La ría de Ares, con una situación privilegiada por el abrigo natural del Golfo Ártabro, resulta idónea para la práctica de deportes náuticos. En Pontedeume existe un pequeño puerto deportivo con pantalanes, una pequeña grúa y servicio para embarcaciones deportivas, que, por las condiciones del fondo, es más adecuado para barcos de poco calado.

## Rutas a pie o a caballo

Un total de seis rutas componen el conjunto de caminos señalizados del Eume, que discurren por los ecosistemas más representativos del Parque. En cierta medida, la red de sendas viene a revelar el gran valor recreativo de espacios tan auténticos como éstos: el camino de los Encomendeiros, el de Ventureiras, el de Pasa da Vella, el de los Cumios de Sanguiñedo, el de Cerqueiros e el de Pena Cavada. Estas son las sendas que ofrece el parque para gozar de sensacionales vistas. Pero no son las únicas, son solamente una representación de los muchos itinerarios de senderismo que ofrece la comarca del Eume, para adentrarse en la aventura. La Escuela de Equitación de Vilarmajor organiza rutas a caballo por las Fragas, contactando en el teléfono 646 673 489.

Por otra parte, el Centro de Visitantes del Parque Natural ofrece un servicio de información y asesoramiento al visitante (981 495 580).

## Rutas por el patrimonio histórico

Para admirar el vasto patrimonio histórico, hay diferentes rutas que envuelven al visitante en un clima de admiración y sorpresa. En dirección a Pontedeume, es de inexcusable visita acercarse hasta el Castillo de Andrade y la Iglesia de San Miguel de Breamo. Una vez en Pontedeume, el viajero puede dejarse fascinar por su casco histórico, conjunto de estrechas calles, casas de amplias balconadas y un precioso paseo marítimo, y su Torreón de Andrade. El castillo está situado en un mirador estratégico, constituyendo uno de los baluartes defensivos de la poderosa familia de los Andrade, señores de estas tierras en la Baja Edad Media.

En una segunda ruta, el visitante puede desvelar los encantos del municipio de A Capela, acercándose hasta el Parque Natural das Fragas do Eume. El Monasteiro de Caaveiro, monasterio de estilo románico que dependió inicialmente de la Orden de los Benedictinos para, posteriormente, pasar a la de San Agustín, tiene su origen en una iglesia que se estableció sobre una atalaya situada en el mismo corazón del Parque Natural de las Fragas del Eume en el año 934; fue declarado Monumento Histórico Artístico en 1975. Igualmente destaca por su interés el Monasterio de Santa María de Monfero, fundado por el rey Alfonso VII a principios del siglo XII y renovado completamente en el siglo XVII, por lo que predomina el estilo barroco. La Iglesia de Nuestra Señora de As Neves y la antigua central hidroeléctrica de A Ventureira forman otros lugares de interés de esta ruta.

Para terminar de visitar los enclaves históricos de las tierras próximas al Eume, éstas invitan a un último itinerario para descubrir el Castillo de Narahío y el de Moeche, en el vecino municipio de San Sanduriño; las Medoñas de Cheibán y las de Veiga da Nata, en As Somozas y As Pontes, respectivamente. También se puede visitar el **Pazo da Viaxe en Vilarmajor**, en la vecina comarca de Betanzos, y la Iglesia de Santa María de Doroña.



## Visita á Cooperativa Campo da Capela

Situada no termo municipal da Capela, esta cooperativa elabora produtos artesanais con leite cru de vaca, como o célebre requeixo da Capela (con ou sen azucre), queixo fresco (con ou sen sal) e queixo do país. Pódese visitar de luns a venres: mañás de 8:20 a 13:30, tardes de 15:00 a 21:00 / sábados: de 8:20 a 13.00. Enderezo: Calzados - 15613 A Capela-A Coruña. Tfno. 981 459 028. [www.coopcapela.com](http://www.coopcapela.com)



## Visita á Casa do Mel

Atópase no centro xeográfico da comarca do Eume, nunha das entradas do parque natural das Fragas do Eume, en Goente-As Pontes. Esta casa representa unha grande oportunidade para coñecer de cerca o mundo das abellas e a apicultura. Pódese visitar o obradoiro tradicional do mel, o obradoiro de cera, a sala de extracción e envasado do mel e unha colmea acristalada onde se pode ver o traballo das abellas directamente. O horario de apertura da Casa do Mel, desde o 15 de xuño ao 15 de setembro, é de 16:00 a 21:00 horas, os sábados e mais os domingos. O resto do ano a Casa abre as portas os sábados de 16:00 a 21:00 horas. Para concertar as visitas hai que chamar ao teléfono 661 003 616 ou dirixirse ao enderezo electrónico [casadomel@vodafone.es](mailto:casadomel@vodafone.es).

## Museo Etnográfico da Capela

Situado na casa reitoral da parroquia de Santiago da Capela, no lugar de Pazo, lindando co parque natural das Fragas do Eume, representa un proxecto global que integra a "Casa do Pazo", o parque etnográfico "O Sesín", a ferraría hidráulica "O Machuco" e a escola de Guitiriz. Para máis información, poñerse en contacto co presidente do padroado do Museo Etnográfico da Capela, Jaime Barcía Rodríguez, nos números 981 459 060 e 618 717 646. Horario: 11:00 a 14:00 e 17:00 a 19:00, todos os días da semana.



## Visita ao Parque Eólico Experimental de Sotavento

Aínda que está en Xermade (Lugo), fóra dos límites xeográficos da comarca do Eume, está a moi poucos quilómetros das Pontes e ofrece a posibilidade de coñecer máis de cerca as enerxías renovables e asistir a obradoiros de enerxía. Entre o 21 de setembro e o 22 de xuño pódese visitar o parque de 10:00 a 18:00 horas os días laborables. De 11:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 18:00 horas durante as fins de semana e os festivos. En horario de verán, os días laborables abre de 10:00 a 18:00 horas, e as fins de semana e os festivos de 12:30 a 14:30 horas polas mañás, e de 16:30 a 19:30 horas pola tarde. Para a xestión de visitas, chamar ao teléfono 981 563 777.

## Casa da Enerxía das Pontes

A Casa da Enerxía pretende ser un centro de interpretación das fontes alternativas de enerxía, no que se recollen as dúas vertentes da enerxía solar: a térmica e a fotovoltaica.

Pendente de apertura.





## Visita a la Cooperativa Campo de A Capela

Situada en el término municipal de A Capela, esta cooperativa elabora productos artesanos con leche cruda de vaca, como el célebre requesón de A Capela (con o sin azúcar), queso fresco (con o sin sal) y queso del país. Se puede visitar de lunes a viernes: Mañanas de 8:20 a 13:30, Tardes: de 15:00 a 21:00 / Sabados: De 8:20 a 13.00. Dirección: Calzados-15613 A Capela-A Coruña Tfno. 981 459 028. [www.coopcapela.com](http://www.coopcapela.com)

## Visita a la Casa de la Miel

Se encuentra en el centro geográfico de la comarca del Eume, en una de las entradas del Parque Natural de las Fragas del Eume, en Goente-As Pontes. Esta casa representa una gran oportunidad para conocer de cerca el mundo de las abejas y la apicultura. Se puede visitar el Obradoiro tradicional de miel, el Obradoiro de cera, la sala de extracción y envasado de la miel y una colmena acristalada donde poder ver el trabajo de las abejas directamente. El horario de apertura de la Casa de la Miel, desde el 15 de junio al 15 de septiembre, es de 16:00 a 21:00 horas, los sábados y domingos. El resto del año la Casa abre sus puertas los sábados de 16:00 a 21:00 horas. Para concertar las visitas hay que llamar al teléfono 661 003 616 o dirigirse a la dirección electrónica [casadomel@vodafone.es](mailto:casadomel@vodafone.es).

## Museo Etnográfico de A Capela

Ubicado en la Casa Rectoral de la parroquia de Santiago da Capela, en el lugar de Pazo, lindando con el Parque Natural de las Fragas del Eume, representa un proyecto global que integra la 'Casa do Pazo', el parque etnográfico 'O Sesin', la herrería hidráulica 'O Machuco' y la escuela de Guitiriz. Para más información, ponerse en contacto con el presidente del Patronato del Museo Etnográfico de A Capela, Jaime Barcia Rodríguez, en los números 981 459 060 ó 618 717 646. Horario: 11:00 a 14:00 y 17:00 a 19:00, todos los días de la semana.

## Visita al Parque Eólico Experimental de Sotavento

Aunque está en Xermade (Lugo), fuera de los límites geográficos de la comarca del Eume, está a muy pocos kilómetros de As Pontes y ofrece la posibilidad de conocer más de cerca las energías renovables y asistir a talleres de energía. Entre el 21 de septiembre y el 22 de junio se puede visitar el parque de 10:00 a 18:00 horas los días laborables. De 11:00 a 14:00 horas y de 16:00 a 18:00 horas durante los fines de semana y festivos. En horario de verano, los días laborables abre de 10:00 a 18:00 horas, y los fines de semana y festivos, de 12:30 a 14:30 horas por las mañanas y de 16:30 a 19:30 horas por la tarde. Para la gestión de visitas, llamar al teléfono 981 563 777.

## Casa de la Energía de As Pontes

La Casa de la Energía pretende ser un centro de interpretación de las fuentes alternativas de energía, en el que se recogen las dos vertientes de la energía solar: la térmica y la fotovoltaica.

Pendiente de apertura.

**Ruta pola artesanía:**

A oferta de obradoiros de artesanía é ampla, e algúns abren as súas portas para o visitante.

**Madeira Madera**

Jesús Manuel Sabín. Sande 8, A Capela.

☎️→ 620 284 883

Fernando Vérez Tojeiro. Álvaro Cunqueiro, 14. As Pontes. ☎️→ 981 440 879

Luis Maquieira Quiroga. O Pilleiro. Boebre. Pontedeume. ☎️→ 660 786 395

**Madeira, cantaría e forxa****Madera, cantería y forja**

Manuel Martínez Novo. Picheira-Lagares. Monfero. ☎️→ 981 196 953

**Cantaría Cantería**

César Dapena Pichel. Dispón dun obradoiro de cantaría e escultura, onde expón e vende as súas creacións. Horario de 8.00 a 13.00 e de 15.00 a 18.00 horas. Polígono dos Airíos 40. As Pontes.

César Dapena Pichel. Dispone de un obradoiro de cantería y escultura, donde expone y vende sus creaciones. Horario de 8.00 a 13.00 y de 15.00 a 18.00 horas. Polígono dos Airíos 40. As Pontes.

**Ruta por la artesanía:**

La oferta de talleres de artesanía es amplia, y algunos abren sus puertas al visitante.

**Ourivaría, xoiaría Orfebrería, joyería**

Rosa Carnerero Higuero. San Martiño do Porto.

☎️→ 654 272 369

**Cerámica Cerámica**

Rosa Jove. Barreiro-Val 9290. San Martiño do Porto. Cabanas. ☎️→ 670 327 874

**Cestaría Cestería**

Antonio Sanjuan Martínez. Bouzamaior. Monfero. ☎️→ 981 788 422

Remigio Corral Maroño. Picheira-Lagares. Monfero. ☎️→ 981 196 942



\* Visitas, previa chamada telefónica

\* Visitas, previa llamada telefónica



Nos aloxamentos da comarca do Eume, acóllese o visitante coa sinxeleza e coa hospitalidade propias destas terras, onde a oferta turística está presidida polos criterios de calidade, de comodidade e de repouso para o viaxeiro, e ofrecéuselle todos os servizos necesarios para unha estadia memorable.

En los alojamientos de la comarca del Eume, se acoge al visitante con la sencillez y la hospitalidad propias de estas tierras, donde la oferta turística está presidida por los criterios de calidad, de comodidad y de reposo para el viajero, ofreciéndole todos los servicios necesarios para una estancia memorable.

**CASAS DE TURISMO RURAL**  
**CASAS DE TURISMO RURAL**

- CASA A LAGOA.** A Capela. 981 459 281 / 636 329 097
- CASA CASTOAR.** A Capela. 981 459 115 / 657 685 023
- CASA ROCA.** As Pontes. 981 446 170
- CASA LOURÁN.** Monfero. Organiza actividades agrícolas e gandeiras. 981 195 478 / 649 895 664
- CASA DON BERNARDO.** Monfero. 981 793 343 / 616 439 095
- CASA DO CASTELO DE ANDRADE.** Pontedeume. 981 433 839
- CASA DE GRAÑA DA ACEA.** Monfero. 639 652 331 / 981 788 282
- RODEO DA CASA.** Monfero. 676 132 166

En concellos limítrofes:

- CASA OUTEIRO.** San Sadurniño. 981 780 402 / 678 739 987
- CASA DA CANCELA.** Vilarmaior. 981 781 818 / 636 039 608
- CASA A FRAGA DE TORRES.** Vilarmaior. 981 781 816

**HOTEIS HOTELES**

- HOTEL FRAGA DO EUME.** A Capela 981 492 406  
www.hotelfragadoeume.com
- HOTEL SARGA.** Cabanas. 981 431 000
- HOTEL EUMESA.** Pondeume. 981 430 925



**ALBERGUES ALBERGUES**

- BARREIRO.** As Neves. A Capela. 981 459 129
- ALVARELLA.** Vilarmaior. 981 798 863

**CÁMPINGS CAMPINGS**

- FRAGADEUME.** Monfero. 981 195 130 / 626 763 396
- BER.** Pontedeume. 981 438 500
- BER-DOOR.** Pontedeume. 981 438 548

**CANTINAS DO EUME CANTINAS DO EUME**

- CASA PEPE.** As Neves. A Capela. 981 459 010
- CASA CAPELLÁN.** Monfero. 981 793 830
- O FRANCÉS.** Monfero. 981 793 843
- O RÍO COVÉS.** A Nogueirosa. Pontedeume. 981 434 057
- O TRES.** No concello de Vilarmaior. 981 781 722

**RESTAURANTES RESTAURANTES**

- CASA PEIZÁS.** A Capela. 981 459 013
- CASA TOÑITA.** As Neves. A Capela. 981 459 035
- LA PALMA.** Vilardemouros. A Capela. 981 459 257
- FORNOS.** As Pontes. 981 450 860
- O XANTAR.** As Pontes. 981 451 553
- DÍAZ.** Goente. As Pontes. 981 459 126
- TAYBE.** As Pontes. 981 450 317
- A LAREIRA.** Cabanas. 981 432 545
- O MUÍÑO DE TRIGO.** San Martiño de Porto. Cabanas. 981 432 185
- CASA JUAN.** Monfero. 981 793 803
- BRASILIA.** Pontedeume. 981 430 249
- LUIS.** Pontedeume. 981 430 235
- YOLY.** Pontedeume. 981 430 336
- COMPOSTELA.** Pontedeume. 981 430 161
- LOS MOLINOS.** Nogueirosa. Pontedeume. 981 430 916
- LA RÍA.** Allón. Pontedeume. 981 433 310
- ANA.** As Pontes de García Rodríguez. 981 450 347
- CAMPOLONGO.** Pontedeume. 981 430 310
- EL CRUCE.** As Pontes de García Rodríguez. 981 451 803
- ELENA.** Cabanas 981 431 353
- IBERIA.** Cabanas. 981 430 749
- A PITANZA.** Pontedeume. 981 495 621
- ANDURIÑA.** Pontedeume. 981 438 703
- CALVO.** As Pontes de García Rodríguez. 981 540 639
- LA SOLANA.** Cabanas. 981 430 960
- EL PINAR.** Cabanas. 981 430 993
- MESÓN PAZ.** Pontedeume. 981 430 408
- O' ATALLO.** As Pontes de García Rodríguez. 981 450 777
- TRASTOY.** As Pontes de García Rodríguez. 981 440 963
- MESÓN DE PEPE.** As Pontes de García Rodríguez. 981 452 152
- PAZOS.** As Pontes de García Rodríguez. 981 452 552



**FUNDACIÓN COMARCAL EUME.** 981 495 408  
www.comarcasdeg Galicia.com

**ASOCIACIÓN EUROEUME.** 981 440 729. www.euroeume.org.  
**CIT EUMETURISMO.** 981 433 997. www.eumeturismo.org  
**CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO PARQUE DAS FRAGAS DO EUME.** 981 495 580

**OFICINA DE TURISMO DE PONTEDEUME.** Torreón dos Andrade. 981 430 270. Horario: de 10 a 14 - de 16 a 19.

## CONCELLOS AYUNTAMIENTOS

**PONTEDEUME.** 981 433 054. www.concellopontedeume.org  
**CABANAS.** 981 495 506. www.concello-cabanas.es  
**A CAPELA.** 981 459 006. www.concellodecapela.es  
**MONFERO.** 981 793 885. www.monfero.com  
**AS PONTES.** 981 453 116. www.aspontes.com

## ACTIVIDADES

### CLUB DE PIRAGUISMO GRUPO XUVENIL ENDESA.

As Pontes. 677 447 886

**CLUB NÁUTICO FIRRETE.** Pontedeume. 605 236 646

**ESCOLA DE EQUITACIÓN.** Doroña. Vilarmaior. 646 673 489

**PAINTBALL NORTHWEST.** Campo de Cabanas.

Campo de Monfero. 618 784 466 / 605 018 806

**GALILANDIA, SERVIZOS DE OCIO.** Vilachá. Monfero.

981 793 806

**HIDROPATINES Y SERVICIOS DE OCIO J.R., S.L.** Cabanas.

650 467 870

**COTO DE PESCA OMBRE.** Especie: reo

Casas expendedoras de permisos:

**BAR CAPRI.** Avda. Saavedra, 15 (Pontedeume). 981 430 435

**BAR PÉNJAMO.** Chao de Ombre, 81

(Ombre — Pontedeume) 981 433 193

**DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO**

**AMBIENTE:** 981 184 576

**COTO DE PESCA AS PONTES.** Especie: trouta

Casas expendedoras de permisos:

**BAR FLORIDA.** 981 440 734

**BAR LAS TORRES.** 981 440 911

**DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CONSELLERÍA DE MEDIO**

**AMBIENTE:** 981 184 576

## ALGUNHAS FESTAS E ROMARÍAS

AS PONTES:

**Feira do grelo** (domingo de Entroido), **Feira dos fungos e cogomelos** (1 de novembro), **Festival da Fraga** (23 e 24 de xullo), **Festa da Fraga** (25 de xullo), **Festa do Carne** (15 ao 23 de xullo)

CABANAS:

**Romaría de Santa Marta** (29 de xullo)

PONTEDEUME:

**Festa das peras** (7 ao 11 de setembro), **Romaría de San Miguel de Breamo** (8 de maio e 29 de setembro)

A CAPELA:

**Romaría da Nosa Señora das Neves** (5 de agosto) e **Festa do requexo** (último domingo de agosto)

MONFERO:

**Feira do grelo** (febreiro)



## ACTIVIDADES

**CLUB DE PIRAGUISMO GRUPO XUVENIL ENDESA.** As Pontes. 677 447 886

**CLUB NÁUTICO FIRRETE.** Pontedeume. 605 236 646

**ESCUOLA DE EQUITACIÓN.** Doroña. Vilarmaior. 646 673 489

**PAINTBALL NORTHWEST.** Campo de Cabanas. Campo de Monfero. 618 784 466 / 605 018 806

**GALILANDIA, SERVICIOS DE OCIO.** Vilachá. Monfero.

981 793 806

**HIDROPATINES Y SERVICIOS DE OCIO.** Cabanas.

650 467 870

**COTO DE PESCA OMBRE.** Especie: reo

Casas expendedoras de permisos:

**BAR CAPRI.** Avda. Saavedra, 15 (Pontedeume). 981 430 435

**BAR PÉNJAMO.** Chao de Ombre, 81

(Ombre — Pontedeume). 981 433 193

**DELEGACIÓN PROVINCIAL DE LA CONSELLERÍA DE MEDIO**

**AMBIENTE:** 981 184 576

**COTO DE PESCA AS PONTES.** Especie: trucha

Casas expendedoras de permisos:

**BAR FLORIDA.** 981 440 734

**BAR LAS TORRES.** 981 440 911

**DELEGACIÓN PROVINCIAL DE LA CONSELLERÍA DE MEDIO**

**AMBIENTE:** 981 184 576

## ALGUNAS FIESTAS Y ROMERÍAS

AS PONTES:

**Feria del grelo** (domingo de carnaval), **Feria de hongos y setas** (1 de noviembre), **Festival de A Fraga** (23 y 24 de julio), **Fiesta de A Fraga** (25 de julio), **Fiestas del Carmen** (15 al 23 de julio)

CABANAS:

**Romería de Santa Marta** (29 de julio)

PONTEDEUME:

**Fiesta de las peras** (7 al 11 de septiembre), **Romería de San Miguel de Breamo** (8 de mayo y 29 de septiembre)

A CAPELA:

**Romería de Nuestra Señora das Neves** (5 de agosto) y **Fiesta del Requesón** (último domingo de agosto)

MONFERO:

**Feria del grelo** (febreiro)